

*RESOLUCIÓN pola que se adxudican provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2021/2022 ao persoal docente pertencente ao corpo catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.*

Mediante Resolución do 16 de xuño de 2021 (Diario Oficial de Galicia n.º 121, do 28 de xuño), convocouse o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2021/2022 entre o persoal docente pertencente ao corpo de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo

Con base no disposto no punto sétimo da dita resolución, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2021/2022 ao persoal docente pertencente ao corpo de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo, de acordo coas normas para a adxudicación de destino provisional establecidas pola Orde do 7 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 14 de xuño).

Segundo. Ordenar a publicación da resolución provisional do concurso no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal>

Terceiro. De conformidade co establecido no punto sétimo da Resolución do 16 de xuño de 2021, o prazo para formular reclamacións ou renuncias contra a resolución provisional do concurso é o comprendido entre o día seguinte ao da súa publicación no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal> e o 2 de setembro de 2021.





As reclamacións formularanse en todo caso por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). De formular a reclamación de xeito presencial, a persoa que a realice presencialmente será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da reclamación aquela en que foi realizada a emenda.

As renuncias á resolución provisional do concurso realizaranse a través de <http://edu.xunta.es/cadp> e non resultará necesaria a súa presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

